

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027721	IES Plurilingüe de Ames	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concirne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero.

Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase. Para iso o alumnado participará en dous proxectos de patrimonio ao abeiro do Plan Proxecta: o Proxecto Terra e o proxecto Educación Patrimonial.

O alumnado tamén realizará unhas saídas pola contorna do centro e por Galicia para coñecer de primeira man o patrimonio natural e cultural galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación	Nesta unidade o alumnado achegarase á Xeografía como ciencia e ás súas fontes e documentos, así como ao coñecemento do planeta Terra e a súa representación xeográfica.	5	10	X		
2	Climas da Terra	Nesta unidade o alumnado coñecerá os diferentes climas da Terra.	10	10	X		
3	Emerxencia climática	Nesta unidade o alumnado centrarase no cambio climático antropoxénico, o cambio que a acción humana está a producir nos climas da Terra analizados na unidade anterior, a situación de emerxencia climática existente na actualidade e as consecuencias desta emerxencia para o ser humano e para o planeta en xeral.	5	10	X		
4	Os medios naturais	Nesta unidade o alumnado coñecerá as características dos diferentes medios naturais no planeta e a súa relación co ser humano.	5	10	X		
5	O impacto humano sobre o medio natural	Nesta unidade os alumnos e alumnas achegaranse ao coñecemento da relación da sociedade co medio ambiente e o impacto que os seres humanos producen sobre o planeta e os medios naturais analizados na unidade anterior.	10	8		X	
6	As sociedades prehistóricas	Nesta unidade os alumnos e alumnas achegaranse á Prehistoria e a Historia como ciencias sociais, familiarizaranse con fontes primarias e secundarias, e analizarán as principais características da Prehistoria e as diferenzas coa Historia Antiga.	10	9		X	
7	A Antigüidade en Asia e África	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas achegaranse ao coñecementos das civilización de Asia e África e faranse conscientes da diversidade social e cultural superando posturas eurocentristas.	10	7		X	
8	A civilización Exipcia	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas debullarán as características da civilización exipcia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, e tamén se achegarán ao valor patrimonial do legado material desta civilización.	10	8		X	
9	A Hélade	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas coñecerán as características	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A Hélide	básicas da sociedade grega e tamén se farán conscientes do patrimonio cultural que crearon e dos elementos da actualidade que afonda as súas raíces nesa sociedade.	10	9			X
10	Roma	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas achegaranse á sociedade romana, faranse conscientes da relación de España e Galicia con esa sociedade, así como da contribución da civilización romana para a creación dunha identidade europea e dun rico patrimonio cultural.	10	8			X
11	Os pobos xermánicos	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas coñecerán os diferentes pobos xermánicos, as causas e consecuencias das migracións xermánicas e o desmoramento do Imperio Romano.	10	8			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade	Nesta unidade didáctica os alumnos e alumnas coñecerán as expresións artísticas máis importantes da Prehistoria e a Idade Antiga e faranse conscientes do seu valor patrimonial.	5	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O planeta Terra e a súa representación	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas	PE	60
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de expor a información básica contida nun mapa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar planos e mapas simples.	TI	40
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Entende o concepto de coordenadas xeográficas e o seu uso en mapas de papel e dixitais.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece varias accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respeto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	Climas da Terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais climas da Terra	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Ubica xeográficamente os principais climas da Terra	TI	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe elaborar un climograma		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece dúas accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	Emerxencia climática	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende algún dos riscos do cambio climático	PE	60
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Entende o cambio climático e a emerxencia existente na actualidade por mor dese cambio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas para paliar a emerxencia climática		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece algunha das medidas implementadas polo Estado para paliar a emerxencia climática		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comenta novas do xornal sobre a emerxencia climática.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros	TI	40
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas de alcance persoal para paliar a emerxencia climática		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración dun traballo con fontes de historia oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</p> <p>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación.</p>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura crítica de información. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
4	Os medios naturais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Emprega terminoloxía xeográfica na descripción dos medios naturais	TI	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de elaborar un esquema relacionando climas e zonas bioclimáticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.

UD	Título da UD	Duración
5	O impacto humano sobre o medio natural	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica varios efectos do impacto da actividade humana sobre a súa contorna e sobre o medio.	PE	60
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas concretas para paliar os efectos do impacto humano sobre o medio natural	TI	40
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identifica e analiza novas do xornal sobre a contribución de España no cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de xeito activo e crítico en debates orais cos seus compañeiros.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas concretas de alcance personal e no marco do instituto.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración de un traballo con emprego de fontes de historia oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
6	As sociedades prehistóricas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Realiza análises básicas de fontes secundarias.	PE	60
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Distingue as diferencias entre a Prehistoria e a Idade Antiga		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de presentar información sobre a Prehistoria de forma simple oralmente ou por escrito.	TI	40
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	A través do traballo sobre textos distingue como acientíficas as teorías creacionistas		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas simples		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

UD	Título da UD	Duración
7	A Antigüidade en Asia e África	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Distingue os principais trazos das civilizacións	PE	60
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de presentar a información de forma simple por escrito ou oralmente.	TI	40
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica os prexuízos eurocentristas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
8	A civilización Exipcia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñece as características básicas das sociedades ao longo da historia anteriores á civilización exipcia.	PE	60
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Coñece e comprende as características básicas da civilización exipcia.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de expresar información sobre a civilización exipcia de forma simple tanto oralmente como por escrito.	TI	40
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas visuais simples sobre os contidos.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora o legado material exipcio		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
9	A Hélade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Entende a importancia de Grecia para o desenvolvemento da democracia como sistema político	PE	60
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Responde preguntas simples sobre fontes primarias e secundarias relacionadas coa civilización grega.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe as características básicas da Hélade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Expresa información básica sobre a civilización grega tanto oralmente como por escrito.	TI	40
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
10	Roma	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Coñece a conexión de España e Galicia coa civilización romana.	PE	60
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe e identifica as características básicas da civilización romana.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora e expresa información básica sobre a civilización romana oralmente ou por escrito.	TI	40
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde preguntas sobre fontes secundarias relacionadas coa civilización romana.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta criticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.

Contidos

- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Os pobos xermánicos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Responde preguntas sobre fontes primarias e secundarias históricas.	PE	60
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identifica as causas das migracións xermánicas e do desmoreamento do Imperio Romano		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica as pegadas do Reino Suevo na Península Ibérica e en Galicia.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora e expresa información básica sobre as migracións xermánicas oralmente e/ou por escrito.	TI	40
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente os conceptos de bárbaro, pobos bárbaros e migracións xermánicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
12	As expresións artísticas na Antigüidade	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de identificar as características básicas de obras da Prehistoria e a Idade Antiga propostas.	PE	60
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a relación entre arte e civilización	TI	40
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de

diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos e fichas do docente
Sistemas de información do docente
Aula Virtual Edixgal do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Material complementario escrito variado como novelas históricas, novelas gráficas, comics, prensa
Material complementario audiovisual variado como películas, vídeos, fotografías

O profesorado elaborará o seu propio material e o alumnado disporá do seu caderno.

Empregarase un material complementario diverso coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual: material extraído de diferentes sitios web de información xeográfica, novas xornalísticas, fichas con fragmentos de textos, capítulos de novelas, artigos de prensa ou entrevistas, documentais e películas, música, teatro, etc.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable. Disponse da aula virtual Edixgal ofrecida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na que se recollerán materiais e recursos diversos en relación coas necesidades, oportunidades e características de cada materia, así como do alumnado (temario, información complementaria, vocabularios específicos, enlaces a diferentes materiais online, etc.).

Tamén se poderán usar outros recursos e ferramentas corporativos que ofrece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como o correo electrónico, a plataforma Abalar ou a aplicación Cisco Webex Meeting para videoconferencias e reunións online.

Utilizaranse sitios webs e contornos educativos no que o alumnado poida facer un mellor proveito da información disponible e desenvolver habilidades de busca e selección de información dun xeito máis dirixido (Google Maps, Google Docs, Vimeo, Audacity, Movie Maker, blogs). Tamén se utilizará o sistema de información KaleidoScapes. Un sistema creado en colaboración co Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC, que os alumnos e alumnas levan usando varios anos e que foi de grande utilidade durante o confinamento no curso anterior. Neste sistema pódense realizar actividades, traballos de investigación, tests, simulacros de proba escrita e proba escritas reais en caso de necesidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Esta avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole para valorar os seus coñecementos sobre xeografía e historia, así como as súas destrezas en expresión oral e escrita, e, nun nivel máis persoal, os seus intereses e preferencias.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Esta proba inicial variará en función de cada cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na realización de comentarios de pequenos audiovisuais ou tormenta de ideas.

A avaliación inicial, ademais de ofrecer ao profesorado información sobre os coñecementos do alumnado, facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente, e definir de xeito máis preciso a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Do mesmo modo, as probas permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40

Crterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar documentos; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa que se puntuarán, ao igual que as probas escritas, de 1 a 10.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 60) + (\text{Media da táboa de indicadores T.I.} \times 40)] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 33) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 34)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente. Na nota final aplicarase o redondeo establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na preparación dunha serie de contidos para o exame ou a realización dos traballos pendentes na avaliación seguinte. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos, na medida en que se dispoña de tempo, xa que non existe un horario específico de atención para estas necesidades.

No caso de que o alumno ou alumna teña pendente a parte da proba escrita, deberá facer unha proba escrita de recuperación sobre os contidos propostos pola persoa docente: Esta proba será cualificada nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor).

No caso de que o alumno ou alumna teña pendente algún traballo práctico, deberá entregar os traballos e tarefas pendentes no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas cunha cualificación de 1 a 10.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 60% das probas escritas e o 40% dos traballos. Se só ten que recuperar unha das partes, a nota obtida fará media coa nota obtida na outra parte durante a avaliación que debe recuperar.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

No caso de que non se recupere algunha avaliación, o alumnado poderá realizar unha recuperación ao final da terceira avaliación consistente na realización dun exame escrito e a entrega dos traballos e tarefas pendentes.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia, inclúe aos alumnos e alumnas con materias pendentes doutros cursos dentro da atención á diversidade do alumnado.

O artigo 51 da Orde de 8 de setembro de 2021 recolle indicacións sobre o plan de reforzo que se debe deseñar en cada materia para que o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar poida recuperar e superar dita materia.

Tal e como recolle a Orde de setembro de 2021, artigo 51, este plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Os alumnos e alumnas que teñan pendente a materia de Xeografía e Historia de 1º de ESO deberán realizar un caderno de actividades dividido en tres partes. Unha parte será entregada no mes de decembro, outra no mes marzo e unha terceira no mes de abril. Os alumnos que non entregasen o caderno de actividades debidamente respondido deberán realizar un exame no mes de maio sobre os contidos traballados no caderno de actividades. O seguimento cotiá do alumnado será realizado polos profesores ou profesoras que lles impartan a materia de Xeografía e Historia no presente curso.

O profesor ou profesora que imparta o ámbito socio-lingüístico fará un seguimento cotiá do alumnado. O alumno ou alumna que aprobe o curso actual do ámbito socio-lingüístico recuperará automaticamente a materia pendente. O alumno que non aprobe o ámbito socio-lingüístico do curso actual deberá presentarse ao exame final de maio sobre os contidos que o profesor ou profesora do ámbito socio-lingüístico seleccione.

6. Medidas de atención á diversidade

A LOMCE (artigo 17) recolle que lle corresponde á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

Con respecto á atención á diversidade, a flexibilidade da programación didáctica para atender ás necesidades dos alumnos e alumnas obsérvase tanto nos contidos, como na metodoloxía e no sistema de avaliación e cualificación.

- Contidos: Adaptaranse os contidos para asegurar o seguimento por parte de todo o alumnado e o axuste aos diferentes ritmos e características de aprendizaxe.

- Metodoloxía didáctica: Proporanse actividades de aprendizaxe variadas que teña diferentes estilos, ritmos e capacidades de aprendizaxe; levaranse a cabo distintas formas de agrupamento do alumnado (individual, por

parellas, en grupo), que fomente tanto a autonomía como o traballo cooperativo, e realizárase unha avaliación inicial e seguimento continuo da progresión do alumnado.

- Avaliación: Levarase a cabo unha avaliación relativa que teña en conta a progresión de cada alumno e alumna e ofrecéranse diferentes instrumentos de avaliación para asegurar a atención á diversidade (probos escritos e orais, traballos individuais e en grupos, participación na clase, uso de novas tecnoloxías, etc.).

Polo que respecta ao alumnado con necesidades de apoio educativo, o Departamento de Xeografía e Historia traballará en coordinación co Departamento de Orientación, Dirección e o equipo docente para identificar necesidades de apoio educativo e tomar as medidas oportunas. Levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivarse máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

A LOMCE (artigo 17) recolle que lle corresponde á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

Con respecto á atención á diversidade, a flexibilidade da programación didáctica para atender ás necesidades dos alumnos e alumnas obsérvase tanto nos contidos, como na metodoloxía e no sistema de avaliación e cualificación.

- Contidos: Adaptáranse os contidos para asegurar o seguimento por parte de todo o alumnado e o axuste aos diferentes ritmos e características de aprendizaxe.

- Metodoloxía didáctica: Propóranse actividades de aprendizaxe variadas que teña diferentes estilos, ritmos e capacidades de aprendizaxe; levanse a cabo distintas formas de agrupamento do alumnado (individual, por parellas, en grupo), que fomente tanto a autonomía como o traballo cooperativo, e realizárase unha avaliación inicial e seguimento continuo da progresión do alumnado.

- Avaliación: Levarase a cabo unha avaliación relativa que teña en conta a progresión de cada alumno e alumna e ofrecéranse diferentes instrumentos de avaliación para asegurar a atención á diversidade (probos escritos e orais, traballos individuais e en grupos, participación na clase, uso de novas tecnoloxías, etc.).

Polo que respecta ao alumnado con necesidades de apoio educativo, o Departamento de Xeografía e Historia traballará en coordinación co Departamento de Orientación, Dirección e o equipo docente para identificar necesidades de apoio educativo e tomar as medidas oportunas. Levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivarse máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probos.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Contémplase tamén un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X		X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento			X		X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X		X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

A comprensión lectora e a expresión oral e escrita será traballado ao longo de todas as unidades pois o alumno ou alumna vai ter que ler en diferentes formatos, redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc. e presentar as súas ideas oralmente.

A Educación cívica e constitucional trabállase dun modo constante na materia de Xeografía e Historia non só a través dos contidos senón na relación do alumnado coa realidade que o rodea.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

A educación ambiental tratarase maioritariamente nas unidades didácticas de Xeografía, mais tamén estará presente no bloque de historia.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

Traballarase a igualdade de xénero, igualdade de trato e non discriminación, prevención da violencia de xénero e da violencia contra persoas con discapacidade, prevención e resolución pacífica de conflitos liberdade, xustiza, pluralismo político, paz, democracia, dereitos históricos, estado do dereito, prevención do terrorismo, xenofobia e homofobia, competencia viaria, creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, sentido crítico e autoconfianza.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en diferentes proxectos da Consellería de Cultura, Educación e Universidades	complementaria			
Excursión e roteiros de interese didáctico	complementaria			
Visitas a exposicións e museos	complementaria			
Asistencia a charlas	complementaria			
Participación en obradoiros	complementaria			
Asistencia a representacións teatrais e proxeccións de cine	complementaria			

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina. Deben responder a criterios pedagóxicos e sociais ben definidos.

Desde o punto de vista académico permiten aprofundar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real e a nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

O desenvolvemento das actividades complementarias divídense en tres fases:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Os alumnos e alumnas participarán no Plan Proxecta organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través de dous proxectos:

- Proxecto Terra: Participarán no proxecto Patio con(vida). Este proxecto inclúe charlas, obradoiros, saídas e intercambios territoriais.

- Educación patrimonial: Este proxecto inclúe charlas, obradoiros e saídas pola contorna de Ames.

Os alumnos e alumnas tamén participarán no proxecto Cultura da Sostibilidade V, ao abeiro dos Proxectos de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), organizados polo Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Explica con claridade
Atende e resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valoración xeral da materia

Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas con niveis de indicadores de logro cunha escala de valoración que irá de Nada de acordo, algo de acordo, de acordo, moi de acordo. Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro valorados como Nada de acordo, algo de acordo, de acordo, moi de acordo. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo aos seus diferentes apartados, coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente por parte do profesorado que imparta a materia e coa totalidade do departamento nas reunións mensuais. Trimestralmente realizase unha avaliación a través da aplicación Proens recolléndose datos sobre os diferentes aspectos da programación. Estes datos serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados

1. Participación en diferentes proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Universidades: Proxecto Terra

O alumnado participará cun proxecto titulado Patio con(vida) no que se levan a cabo accións para mellorar o eido do centro desde un punto de vista ecosocial. Este proxecto tamén inclúe o coñecemento da contorna, asistencia a charlas, participación en obradoiros, e excursións e roteiros didácticos.

2. Participación en diferentes proxecto da Consellería de Cultura, Educación e Universidades: Educación Patrimonial

O alumnado participará a través do estudo do patrimonio cultural relacionado coa Prehistoria e a Idade antiga da súa contorna. Este proxecto tamén inclúe asistencia a charlas, participación en obradoiros, e excursións e roteiros didácticos.

3. Participación en Proxectos de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) organizados polo CAFI e a Consellería de Cultura, Educación e Universidades: Cultura da sostibilidade V

Este proxecto busca concienciar ao alumnado da gravidade da emerxencia climática e a importancia da súa implicación activa en emprender accións para loitar contra o cambio climático. Este proxecto tamén inclúe asistencia a charlas e obradoiros.